



PERSONAXES DE ALFREDO ERÍAS

MIGUEL ANXO FERNÁN-VELLO

Veñen na idade ausente e deteñen o tempo,
levan no seu ollar unha luz contra a noite,
seres no seu misterio, no seu rumor violáceo
de camiños perdidos, entre a paisaxe fría
dun solpor extinguido e a cor muda da pedra,
como un laio apagado que aínda doe no recordo.

Veñen no xesto triste da súa raíz tan lonxe
de si mesmos, que emerxen do destino e sorprenden
o enigma dunha luz mineral que roza as horas
ou a semente xorda do seu volume escuro
como unha lenta dor escrita no baleiro.

¿Quen son eses que tremen no seu astro sen vida,
na súa fronte somnábula que ten brillo de cinza,
na chama azul dos rostros entre asombro e piedade,
algo que se adiviña no pasado e que acende
estes versos feridos polo descoñecido?

Camiñantes, viaxeiros, o vento da soidade,
señores do sepulcro, cabaleiros na néboa,
graves corpos suspensos no espasmo silencioso
da historia, xente rara que habita o labirinto,
presenzas familiares ou o perfil anónimo



dos gremios e as liñaxes, serios reis sen estrela,
a flor pétrea dos soños que non foron, a tebra
entretecendo os panos solitarios da ausencia,
donas extraviadas no fondo dos seus ollos
onde levita o gume antigo do desexo,
figuras que regresan na curva do abandono,
en espirais vencidas, na súa substancia insomne,
nafragando nos signos dunha extraña beleza.

Soubo o pintor iluminar o mundo
e a súa profunda arxila,
o horizonte nevado de pálpito e brancura,
o sopro que estremece no interior, na vertixe
esculpida que invade o corazón,
na lámina nacente dun sorriso,
no retrato que inflama de repente as súas sombras,
o seu loito de invernos e a fendida esperanza
como unha bágoa fría ou arreguizo puro
que golpea no sangue.

Veñen de nós e están no noso propio abismo,
personaxes que nacen no río da lembranza,
entran no soño vivo do tempo e as raíces
son música, contemplación da morte,
fulgor que avanza polas veas e queima a pel,
a suave mordedura da existencia,
porque a súa patria aínda nos convoca:
a humanidade é insaciábel no límite
e sabemos que hai un sol brillando no futuro.